

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DO DIA 16 DE MAIO DE 2016.

ASISTENTES:

Presidente:

Dna. María Jesús Novo Gómez
(primeira tenente de alcalde)

Concelleiros:

- D. Elisardo Montero Castro
- D. Rogelio Sueiro Castro
- D. Luís Rico Vereá
- D. José Luis Rivas Cruz
- D^a. Raquel Val Vázquez
- D^a. Sandra Sánchez Iñiguez
- D. Abelardo Seoane Vázquez
- D. José Balado Casal

Secretaria-Interventora:

D.^a Rebeca Vázquez Vázquez

Na sala de reunións da Casa do Concello de Boimorto, sendo as 9:00 horas do día dezaseis de maio de dous mil dezáseis, xúntase en sesión extraordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros relacionados na marxe.

Ao non asistir D. Gonzalo Concheiro Coello, pasa a presidir a sesión a primeira tenente de alcalde, Dna. María Jesús Novo Gómez.

Non asiste, e xustifica a súa ausencia, a concelleira, Dna. Ana Ledo Fernández.

Foron asistidos pola secretaria-interventora do Concello Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

De seguido a primeira tenente de alcalde abre a sesión, presidindo o pleno en substitución da Alcaldía ausente, na que se pasaron a tratar o seguinte asunto incluído na orde do día:

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA AO CARGO DE ALCALDE E DE CONCELLEIRO

Pola Secretaria dase lectura o escrito da Alcaldía relacionado con este punto da orde do día que se transcribe literalmente:

<<D. GONZALO CONCHEIRO COELLO, con D.N.I.76357860E, Alcalde y concejal de la Corporación Municipal de Boimorto, electo por la lista del Partido Popular, en las elecciones municipales del 24 de mayo de 2015, ante la Corporación municipal de Boimorto

EXPONE:

Que por motivos personales, no relacionados en ningún caso con la actividad política desarrollada en el Ayuntamiento de Boimorto, que me impiden atender los deberes propios del cargo de Alcalde y concejal con la dedicación que tal responsabilidad conlleva, me veo en el deber de presentar mi renuncia al cargo de Alcalde y concejal, lo que comunico a la corporación municipal de Boimorto, a los efectos del dispuesto en el artículo 182 de la Ley Orgánica 5/1985, del Régimen Electoral General e Instrucción de la Junta Electoral Central del 10 de julio de 2003 (BOE del 18/07/2003), con el fin de que se proceda el relevo mediante candidatos siguientes de la lista por la que fui elegido y a la elección de nuevo Alcalde.

Boimorto, 12 de mayo de 2016>>

Explica a Secretaria que en aplicación da normativa sinalada, ante esta renuncia é necesaria a toma de coñecemento do Pleno non sendo necesaria a realización de ningunha votación.

A Presidenta do Pleno primeira Tenente de Alcalde en substitución da Alcaldía permite a intervención de D. Xosé Luis Rivas concelleiro do grupo municipal do BNG, que manifesta (de forma sucinta) a súa crítica ante a falta de explicacións considera que é unha vergoña e que o máis sensato sería que dimitise o equipo de goberno ou nomeasen Alcalde o membro non adscrito, tamén sinala que debería disolverse o Partido Popular ante a corrupción manifesta.

A Presidenta do Pleno D^a M^a Jesús Novo sinala que o Alcalde dimite por algo persoal que non ten nada que ver co asunto polo que non teñen que disolverse.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidenta remata a sesión, sendo as 9:03 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura da primeira tenente de alcalde e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr

A primeira tenente de alcalde,

A SECRETARIA,

Asdo.- María Jesús Novo Gómez